

O nome masónico de Leiras Pulpeiro, o Q. · .H. · . Luculo.


A adopción por parte de Leiras do sobrenome Irmán Luculo, como nome discreto na mindoniense Vallibria Redempta, púxonos a pensar no porqué desta elección. Sabido é cos masóns gostaban falar das súas agrupacións como sociedades discretas, non segredas, de aí o nome discreto. Pero, por qué Lúculo? Quen foi o tal Lúculo que tanto impresionou a Leiras para alcumarse coma el?

Ata dónde sabemos tres foron os Lúculo romanos e os tres, avó, pai e fillo chamáronse Lucio Licinio Lúculo. Anque o máis vello deles mesmo chegou a ser gobernador da Hispania Citerior, nin este nin o seu fillo semellan estar á altura do noso Leiras, polo que cremos que o máis novo de eles pode se-lo inspirador. Sendo certa esta intuición, estamos a falar do Lucio Licinio Lúculo nado, segundo Plutarco, aló polo 118 e morto no 56 antes da nosa era. Tal home foi un célebre político e militar que tralo seu retiro, sen honra pero con cartos, dedicouse a vivir ben e a pensar mellor. Hai coincidencias que nos levan a defender esta tese, primeiro a inquedanza política e tamén o pracer pola sabedoría e o afán por rodearse de xentes doutas en círculos pechados, no que as ceas de traballo e de amizade ás que asistían os máis celebres filósofos romanos da época, e nas que se debatían os máis diversos problemas, fannos pensar nas sesións dunha loxía. Pero se hai un feito puntual que destaque sobre os demais é que tanto Lúculo, como Leiras, tentaron de universaliza-lo saber ó seu xeito. O primeiro fundando a primeira biblioteca públi-

ca do período romano da República tardía, por iniciativa de Leiras fundouse no 1887 a biblioteca do Casino de Mondoñedo. Sen saber a ciencia certa se esta afinidade é dabondo para co noso Leiras se transubstancializara masónicamente no Lúculo mindoniense, se fora así, resulta que Lucio Licinio Lúculo aparece como unha sorte de eslabón dialéctico, coma un instrumento que conecta polo espírito e a praxe vital a Leiras ca súa alma xemelga que foi Epicuro de Samos. Lúculo como pensador era epicúreo, os filósofos do seu círculo maioritariamente tamén, e a pouco que se coñeza a actitude e actividades de Leiras xa non estamos a falar de coincidencias máis ou menos forzadas, Leiras é, sen dúbida o máis epicúreo de tódolos prohombres mindonieneses.

Anque nunha ollada rápida á súa cova chame a atención esa versión do intelectualismo moral socrático equiparador de sabedoría e virtude, escrito na súa lápida (Amou a verdade e practicou o ben), certamente a traxectoria vital e a ideoloxía do Médico dos Pobres semellan estar máis preto das ensinanzas do hedonismo antigo que, o autor coa formación clásica adquirida no Seminario mindoniense antes dos seus estudos de menciña, e tamén despois destes, de seguro coñeceu.

Estas palabras foron escritas por Miguel Freire no verán de 2017 e enviadas a Felipe Debasa. No orixinal pódese ver a dedicatoria: “Para Xé, o meu argonauta favorito do Sixto”.



Deseño:  crissrubio